

Resolución Nº1212 de 11/05/2026

Documento asinado electronicamente.



A Concelleira delegada de Cohesión Social
Marta María Figueroa Fuentes
(Resolución Alcaldía nº1260 de 4.07.23,
BOP A Coruña nº131 de 11.07.23)
11/05/2026

A Secretaria Xeral acctal
Karina Paula Díaz Arluna
(Resolución da DXAL de 30.04.2026)
11/05/2026

RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DELEGADA DE COHESIÓN SOCIAL, RECURSOS HUMANOS E RÉXIME INTERIOR

ANTECEDENTES

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente número 1773428W tramitado pola sección de servizos sociais básicos do Servizo municipal de Benestar social do concello de Culleredo:

- A publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, publicado no DOG nº 63 do 30.03.2012, no que se regula, entre outros aspectos, o financiamento do servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia.
- A publicación da ORDE da Consellería de Política social e Igualdade, do 26 de marzo de 2026 pola que se actualiza o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependen cia. BOP Núm. 58 do 27 de marzo de 2026.
- O informe da xefa de sección de servizos sociais básicos do Servizo de Benestar social, de data 11 de maio de 2026.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común; no Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, que aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do Sector Público por medios electrónicos; a Ordenanza municipal reguladora da Administración Electrónica no Concello de Culleredo, e demais normativa específica de aplicación.

De conformidade coas potestades e competencias municipais dos artigos 4, 7 e 25 e seguintes da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL); as atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 21.1 da LBRL; así como a Resolución nº 1260 de 7.07.2023 de delegación de atribucións de alcaldía en concelleiros/as da Corporación (BOP A Coruña nº 131 de 11.07.2023).

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Que o concello de Culleredo se acolla ao incremento da achega autonómica previsto no segundo parágrafo do número 1 da letra A) do anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, tendo en conta que a corporación local presta o servizo de axuda no fogar en condicións de estandarización e homoxeneidade requiridas para acceder ao incremento da achega autonómica.

SEGUNDO.- *Manifestar ante a Consellería de Política social e Igualdade, a vontade do concello de Culleredo de recibir o financiamento adicional previsto no segundo parágrafo do número 1 da letra A) do anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.*

Resolución asinada ao marxe pola Concellería delegada de cohesión social, recursos humanos e réxime interior a proposta da Xefatura de Sección de servizos sociais básicos, tramitadora do expediente (conforme arts. 172 e 175 do RD 2568/1986, do 28 de novembro)

Resolución N°1212 de 11/05/2026

Documento asinado electronicamente.



A Concelleira delegada de Cohesión

Social

Marta María Figueroa Fuentes

(Resolución Alcaldía n°1260 de 4.07.23,

BOP A Coruña n°131 de 11.07.23)

11/05/2026

A Secretaria Xeral acctal

Karina Paula Díaz Arluna

(Resolución da DXAL de 30.04.2026)

11/05/2026

Asinada ao marxe pola Secretaría Xeral para a súa incorporación ao libro de resolucións (conforme art. 3.2 do RD 128/2018, de 16 de marzo, art. 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, e art. 177 do RD 2568/1986, do 28 de novembro)